



Adiante coa tractorada!

- [leite](#) [1]
- [SLG](#) [2]
- [tractorada](#) [3]

Nestes últimos anos vense dando un proceso de precarización dos produtores lacteos do noso País motivado principalmente pola subida de prezos dos combustíbeis e o monopolio nas canles de distribución por empresas alleas aos intereses dos propios labregos. Ante isto as organizacións agrarias galegas, e especialmente o [Sindicato Labrego Galego](#) [4], veñen mobilizándose na defensa da regulación do mercado mediante a implantación do prezo mínimo nas transaccións entre produtores e distribuidores que cubra os custes de produción.

Desde o Movemento pola Base pensamos que, mais unha vez, o papel dos gobernos autonómico e central foi o de defender os intereses do mais poderosos, alegando que a implantación legal dun prezo mínimo vulneraría as leis do "mercado libre". Eis a "política" neoliberal da non intervención: as grandes industrias poden colocar os seus produtos onde lles pete (leite Francés na Galiza), ao prezo que lles veña en gana (por debaixo dos custes de produción) favorecendo o monopolio e a indefensión de produtores e consumidores. As consecuencias para os pequenos produtores, sen instancias administrativas que os amparen, a ninguén se lle escapan: redución de ingresos, abandono das explotacións, despoboamento do rural... Do mesmo xeito para unha nación como a nosa, que arrastra unha crise estrutural no agro, isto pode supor a total destrución do sector leiteiro coa conseguinte perda de ingresos para a nosa sociedade no seu conxunto.

É por todo isto que queremos amosar o noso apoio á tractorada que no día 17 de Xuño percorrera Galiza. Para mais [información](#). [5]

- [leite](#)
- [SLG](#)
- [tractorada](#)

Source URL: <http://www.polabase.net/nova/2009/06/16/adiante-coa-tractorada>

Links:

[1] <http://www.polabase.net/novas/marcas/leite>

[2] <http://www.polabase.net/novas/marcas/slg>

[3] <http://www.polabase.net/novas/marcas/tractorada>

[4] <http://www.sindicatolabrego.com/>

[5] <http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=3&i=271>